

Martes, 25 de setembro de 2018

Núm. 185

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
PONTEVEDRA**Ordenanzas e Regulamentos***2ª MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE MERCADOS MUNICIPAIS DE ABASTOS*

EXPEDIENTE	2ª modificación do regulamento dos mercados municipais de abastos
TRÁMITE	Anuncio exposición pública de aprobación inicial BOP e taboleiro

Polo Pleno deste Concello na súa sesión do 11.09.2018, apróbase inicialmente a 2ª modificación do regulamento dos mercados municipais de abastos.

De conformidade co art. 49 da Lei 7/1985 procédese a información pública e audiencia dos interesados por un prazo de 30 días hábiles, para que poidan formular reclamacións e suxestións.

A estes efectos publícase o presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios e edictos electrónico municipal.

Así mesmo, e segundo os arts. 133.2 da Lei 39/2015, art. 7 c) d) e e) da Lei 19/2013 (en relación co 5.4 da mesma norma), publícase tamén anuncio de exposición, acompañado do texto do proxecto, das memorias ou instrumentos xustificativos e os informes emitidos, na sede electrónica do Concello (menú transparencia “normativa municipal” normas en tramitación), manténdose esta publicación en tanto dure o prazo de alegacións. Isto sen prexuízo da consulta do expediente no seu conxunto, de así instarse.

O prazo de exposición e audiencia estenderase dende o día seguinte á primeira publicación ata a finalización do prazo contado desde a última.

De non presentarse reclamacións en prazo e de acordo co referido art. 49 da Lei 7/1985, a ordenanza considerarase definitivamente aprobada, entrando en vigor logo da súa publicación íntegra no BOP e o transcurso do prazo establecido no artigo 65.2 da mesma Lei, segundo dispón o seu art. 70.2. Publicarase, así mesmo, na sé electrónica municipal, de conformidade co art. 7 da Lei 19/2013 (en relación co seu art. 5.4).

O que se fai público en exercicio das funcións conferidas a esta secretaría polo artigo 122.5.d) da Lei 7/1985, e 47 e) e 114.7 do Regulamento Orgánico Municipal.

Pontevedra, ao día da sinatura.

O secretario

